

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día catorce de agosto de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

13/620 CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). PROXECTO 12UR4002 URBAN PRAZA DE ABASTOS E PROXECTO 13UR7001 URBAN AUDITORÍA E MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 8 de xullo de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Informe sobre a necesidade de proceder á contratación da realización de estudos e propostas técnicas sobre a Praza de Abastos, a redacción do proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da Praza de Abastos así como o correspondente prego de prescricións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN en data 30 de xaneiro de 2013 xunto cos correspondentes Anexos I a VI de información complementaria.


II.- Informes de Intervención do 8 de febreiro de 2013 no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria nas aplicacións orzamentarias 24400.22799 do vixente Orzamento Xeral por importe de 6.050 euros (proxecto de gasto 13UR7001) e 24400.63900 por importe de 90.750 euros (proxecto de gasto 12UR4002).

III.- Pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de referencia elaborado polo servizo de contratación con data 8 de xullo de 2013

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 1/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

ACTAS E GOBERNO

CFP/jch

Refª: 13x400130620

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-8-2013

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a realización dos seguintes traballos:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.
- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.
- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partires das orientacións sinaladas no prego de prescricións técnicas.
- A redacción do proxecto básico e de execución da edificación en misión completa (con tódolos proxectos específicos) das obras que se definan para a Praza de Abastos (nunha ou dúas fases) e o estudo xeotécnico previo se se inclúen obras de comunicación do aparcamento coa Praza, así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación e a coordinación de seguridade e saúde durante a execución das mesmas.
- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para as inversións que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación das inversións ou outras propias dos seus locais.


Estes traballos enmárcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto No TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP sendo predominantes os criterios avaliábeis automaticamente.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 2/31
			
xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

De conformidade do artigo 150 do TRLCSP se establece un umbral mínimo de puntuación a obter na fase de valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor para poder ser valorada a oferta conforme a criterios avaliábeis aritmeticamente.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, en funcións de Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS) e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), aproba a referida proposta conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO TÉCNICO PARA A CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 3/31



INTRODUCCIÓN

O Concello de Lugo está a xestionar un Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) que conta cun 80% de cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) da Unión Europea.

Dentro das accións incluídas na prioridade **DESENVOLVEMENTO DO TECIDO ECONÓMICO APOIANDO A ACTIVIDADE EMPRESARIAL**, contéplanse actuacións dirixidas á mellora da comercialización dos produtos autóctonos. Tendo en conta que esta intervención está centrada principalmente na Praza de Abastos, entre as actuacións a executar prevíronse as obras de adaptación da Praza, modernizando as zonas infrautilizadas e adaptándoa aos novos usos.

Nestes momentos estanse a desenvolver varios proxectos en colaboración cos comerciantes da Praza e o Mercado de Quiroga Ballesteros: web, comercio electrónico, distribución de embalaxes para mellorar a presentación dos produtos autóctonos, calidade alimentaria, etc. Vese necesario acometer actuacións de carácter ambiental (eficiencia enerxética, xestión de residuos) e a modernización do edificio da Praza de Abastos para impulsar esta infraestrutura municipal como lugar da compra diaria de produtos de calidade e como atractivo turístico.

Dentro das accións incluídas na prioridade **FOMENTO DO USO MÁIS EFICAZ DA ENERXÍA** contéplase unha auditoría para a implantación de medidas de eficiencia enerxética no ámbito público, tales como sistemas de aforro de auga e enerxía eléctrica en instalacións municipais.


1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización de:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.
- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.
- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partir das orientacións sinaladas neste prego.
- A redacción do proxecto básico e de execución da edificación en misión completa (con todos os proxectos específicos e o xeotécnico previo se se inclúen obras de comunicación do parking coa praza) das obras que se definan para a Praza de Abastos (nunha ou dúas fases), así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución.
- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para os investimentos que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación dos investimentos ou outras propias dos seus locais.

2. SOLVENCIA DA EMPRESA E PROFESIONAIS QUE FORMARÁN PARTE DO EQUIPO DE TRABALLO

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 4/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

A empresa terá experiencia na realización de, polo menos, un proxecto de modernización dun mercado municipal (ou privado das mesmas características).

O equipo de profesionais estará formado polo menos por un/unha coordinador/a, un/unha arquitecto/a e un/unha arquitecto/a técnico. Igualmente participarán neste proxecto profesionais con experiencia en auditorias enerxéticas e en xestión ambiental (residuos); estes dous traballos poden ser subcontratados.

Na proposta indícase o nome dos técnicos que asumirán cada un dos aspectos do contrato (coordinación, arquitecta/o, aparellador/a) así como os profesionais que realizarán a auditoría enerxética e o plan de residuos. Xustifícase a súa idoneidade cos currículos e o título profesional ou certificado do colexio profesional.

O/a coordinador/a contará con experiencia en coordinación de un ou varios proxectos de modernización de mercados municipais (ou privados de similares características) nos últimos 5 anos que supuxeran unha inversión por proxecto de máis de 200.000 euros (importe antes de IVE) no ámbito tecnolóxico, ambiental ou de promoción comercial ou de máis de 500.000 euros (importe de execución material) no caso de obras. Non se entende como coordinación o traballo técnico de redacción dun proxecto de obra ou a súa dirección senón a execución de traballos da seguinte natureza:

- o impulso dunha asociación e a execución de proxectos conxuntos
- a implicación de comerciantes en proxectos tecnolóxicos, ambientais, etc dun mercado que necesiten a súa adhesión
- proxectos de proxección exterior do conxunto dos comerciantes, difusión, comercialización. Non se consideran os meros anuncios ou campañas de comunicación que non teñan máis implicación dos comerciantes a non ser que se enmarquen nun proxecto máis xeral.

3. PLAN DE USOS


Planta semisótano

- Establecerase unha grande zona diáfana que albergará o mercado tradicional de martes e venres con postos móbiles e outras feiras que se organicen ao longo do ano.
- Zona de almacenaxe dos postos que non ten por que ser unha zona pechada independente.
- Disporase dun espazo equipado, dunha superficie a definir, destinado á realización de actividades promovidas ou apoiadas polo Concello, así como as que formule executar a asociación de comerciantes da Praza.
- Cabe a proposta doutros aproveitamentos sempre que sexa compatible coas necesidades expostas, como por exemplo a situación nesta planta de postos de venda de determinado tipo de especialidades comerciais e servizos que existen hoxe en día na Praza ou puidesen instalarse nela.

Planta primeira

Manterase a estrutura existente na actualidade a través de postos de venda, podendo realizar algunhas adaptacións anulando algún posto, creando un espazo de uso para o público, etc.

Código Seguro de verificación: xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 5/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

4. DIRECTRICES BÁSICAS PARA A REDACCION DO PROXECTO

Sinálanse os aspectos actuais do edificio da Praza que deberán ser revisados e renovados:

- Cuberta.
- Revisarase a adecuación do montacargas para as necesidades actuais.
- Realizarase unha renovación completa dos aseos.
- Revisarase e adaptaranse, no seu caso, o sistema contra incendios e o de vixilancia (sensores de alarma).
- Definirase toda a instalación eléctrica tendo en conta os resultados da auditoría enerxética.
- Realizarase a renovación do saneamento.
- Revisarase a entrada de Santo Domingo ao semisótano a través de escaleiras e rampla co fin de asegurar a accesibilidade e idoneidade, considerando que pode funcionar en ocasións como entrada principal a actividades que se desenvolvan unicamente na planta semisótano.
- Achegarase unha solución aos problemas que xeran as xuntas de dilatación do pavimento na primeira planta.
- Renovarase o sistema de información de postos que se ofrece hoxe en día con paneis e creárase unha sinalización do propio edificio.

Adaptacións orientativas como consecuencia dos novos usos:


Planta semisótano:

- Retíranse os mostradores fixos de pedra e deseñaranse elementos móbiles que os substituirán para os mercados de martes e venres.
- Garantirase a perfecta conexión da entrada lateral pola quela como zona de descarga co montacargas.
- Revisarase os servizos comúns formados por 10 cámaras frigoríficas e almacéns.
- Dotarase de climatización a esta planta.
- Se os estudos arqueolóxicos previos que está a realizar o Concello permítieno, realizarase unha comunicación entre o parking da praza de Santo Domingo e a Praza de Abastos a través dun corredor subterráneo que, pola súa decoración, xa quedará integrado no ambiente da Praza. No seu caso, seguiranse as indicacións do Concello sobre a integración de restos arqueolóxicos.

Planta primeira:

- Tenderase a manter a actual distribución de espazos.
- Se se estima necesario polo seu interese comercial ou polo mellor funcionamento dos servizos da Praza (tarefas de limpeza, etc), farase unha proposta de variación de situacións de postos (agrupando por especialidades ou o criterio que se defenda).
- Deseñarase o acabado estético dos postos que se adaptarán coa mínima obra posible.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 6/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

- O posto reservado para o Concello dotarase como oficina de servizos ao mercado. Preverase un sistema de megafonía e música ambiental que se xestionará dende este posto, así como a xestión das pantallas informativas.
- Estudaranse as posibilidades de incluír climatización nesta planta.

Aspectos relativos ao edificio no seu conxunto:

- O edificio quedará conectado á rede de datos do Concello e disporá de acceso wifi en todo o seu ámbito.
- Utilizarase un sistema de información a través de pantallas que se alimentarán dende o posto destinado ao Concello.
- Formularanse os espazos para atender as necesidades derivadas do plan de residuos.
- Actuarase sobre a fachada asumindo no proxecto a intervención sobre o aleiro realizada por un deseñador gráfico en desenvolvemento da proposta do Colexio de Arquitectos de Lugo.
No proxecto farase referencia á súa autoría.
- Incluirase a urbanización do ámbito afectado polas obras de adaptación do edificio (entrada por Santo Domingo, comunicación co parking, etc)

En aplicación dos principios de igualdade e protección do medioambiente, deberá prestarse especial atención ao cumprimento da Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu regulamento, a Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas e a normativa e principios de aforro enerxético. No proxecto definirase toda a sinalización do edificio tendo en conta as persoas con diversidade funcional de distinto tipo.

5. PRESUPUESTO MÁXIMO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS E PREVISIÓN DE FACTURACIÓN POLO ADXUDICATARIO

O importe da oferta económica para realizar o conxunto dos traballos descritos no apartado 1 deste prego será como máximo de 80.000 € incluíndo todos os gastos mesmo os que teñan que facer os adxudicatarios por contratos con terceiros e impostos de calquera tipo salvo o IVE (96.800,00 € co 21% de IVE), sen que caiba revisión de prezos en ningún caso.

A oferta económica realizarase seguindo a seguinte distribución por códigos:

	BASE (A)	IVE (B = 21% de A)	TOTAL (C= A+ B)
PREZO A Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética Máximo sen IVE: 5.000 €			
PREZO B Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos Máximo sen IVE: 75.000 €			
SUMA (máximo sen IVE: 80.000 €)			

O prezo A inclúe unicamente o importe da auditoría enerxética. O resto dos traballos encomendados estarán incluídos no prezo B.

Facturación:



Facturarase o PREZO A e un 45% do PREZO B tras a presentación de toda a documentación sinalada no punto 8.1 deste prego e a aprobación por parte do Concello do proxecto ou proxectos de obra. O 55% do prezo B facturarase polo traballo realizado durante a execución das obras (punto 8.2 deste prego). As facturas emitiranse con periodicidade bimensual e de xeito proporcional ás certificacións de obra ata alcanzar o 80% do importe a pagar polos traballos da fase de execución de obra. O 20% restante, facturarase no momento no que a obra estea recibida polo Concello e, no seu caso, valorada e aprobada polo Concello a certificación final de obra.


Establécese un importe máximo para as obras de 1.000.000 € (máis 21% de IVE). Este importe podería axustarse tras a valoración de todos os traballos que sexa necesario realizar como consecuencia dos estudos e valoracións previas segundo o indicado neste prego. Isto non suporía en ningún caso nin maiores nin menores honorarios xa que non se modifica o obxecto do contrato que aquí se propón.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Ademais da documentación sinalada nos pregos administrativos, presentarase de xeito independente ao resto da documentación nun máximo de dous paneis ríxidos de tamaño DIN A1 (tamén en pdf) coa seguinte información:

- Proposta de aproveitamento e distribución de actividade das dúas plantas situando cada un dos postos actuais, coas mínimas recolocacións posibles nos postos de alimentación. **Texto claro e sintético** xustificando o interese comercial da solución (tal como a variedade e complementariedade de usos e oferta comercial, a capacidade para captar novos clientes con hábitos de compra diferentes do consumidor actual, a posibilidade de desenvolver actividades e usos que hoxe en día se esperan cubrir neste tipo de dotacións dos cascos históricos, a racionalización do espazo de venda) e as vantaxes para o funcionamento das instalacións (tales como limpeza, gastos de funcionamento, mellor compatibilidade de actividades). Podense apoiar os argumentos en estudos previos que se deben achegar ou en intervencións similares de éxito. Aos efectos desta proposta inicial, suporase que é viable a comunicación do parking co edificio da Praza, a non ser que no momento da licitación o Concello xa conte con outra información. Nese caso, xunto co anuncio de licitación colgaríase no perfil do contratante o aviso concreto para ter en conta na proposta.
- Deseño e proposta de intervención sobre un posto-tipo (se se sitúan postos na planta semisótano tamén se realizará o deseño dun posto-tipo nesta planta se se prevén diferenzas substanciais), materiais a utilizar e prazo de intervención en cada posto da primeira planta, por ser os que teñen actividade na actualidade. Conterá o suficiente detalle de deseño xeral a través de planos, esbozo e bosquejos. Detallarase se se formula que sexan todos iguais ou as diferenzas en acabados ou algúns elementos segundo especialidades ou os que poidan requirir o acceso ao interior dos clientes.
- **Texto claro e sintético organizado en tres bloques** explicando os elementos que se incorporarán ao edificio que faciliten o uso óptimo ás persoas

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 8/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

con diversidade funcional de distinto tipo (mobilidade, visión, audición), máis alá das cuestións de obrigado cumprimento no conxunto do proxecto.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROPOSTA

Os criterios para valorar as propostas serán os seguintes:

7.1. - OFERTA ECONÓMICA. Puntuación máxima: 55 puntos.

Obterá a máxima puntuación neste criterio (55 puntos) a empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as empresas que oferten o prezo máis alto e as restantes valoraranse de xeito proporcional lineal.

7.2. - VALORACIÓN DA PROPOSTA. Puntuación máxima: 45 puntos. Realizarase esta valoración sobre a documentación sinalada no punto 6 deste prego.

Será necesario que a proposta cubra todos os aspectos deste criterio de valoración e que obteña unha puntuación mínima de 30 puntos, no caso contrario rexeitarase a proposta.

Teranse en conta os seguintes subcriterios:


- Interese comercial da proposta de aproveitamento e distribución de actividade nas dúas plantas (tal como a variedade e complementariedade de usos e oferta comercial, a capacidade para captar novos clientes con hábitos de compra diferentes do consumidor actual, a posibilidade de desenvolver actividades e usos que hoxe en día se esperan cubrir neste tipo de dotacións dos cascos históricos, a racionalización do espazo de venda) (10) e as vantaxes para o funcionamento das instalacións (tales como limpeza, gastos de funcionamento, mellor compatibilidade de actividades) (10): 20 puntos
- Calidade estética da proposta de intervención sobre os locais e a súa integración co edificio (10), facilidade e rapidez de execución (9): 19 puntos.
- Medidas adoptadas para garantir a máxima accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida e outras diversidades funcionais no funcionamento xeral de todo o edificio (mobilidade, vista, audición) proponendo todo tipo de iniciativas. Non se terán en conta para a súa valoración os aspectos de obrigado cumprimento: 6 puntos.

8. METODOLOXÍA DE TRABALLO E ALCANCE DOS TRABALLOS A CONTRATAR

8.1. PRIMEIRA FASE DE TRABALLO.

Nunha primeira fase de **dous meses** realizaranse os estudos de auditoría enerxética, o plan de residuos e desenvolvemento e valoración da proposta de intervención coas adaptacións que o Concello poida realizar sobre a proposta inicial. O Concello non está obrigado a aceptar ningunha solución concreta aínda que figure na proposta, ben por valoración económica ou por calquera outro motivo que considere de interese para a Praza. A entidade adxudicataria realizará todos os estudos necesarios e solicitará das entidades que corresponda a información que achegue un **coñecemento previo e exacto** dos servizos afectados na execución da obra proxectada. No seu caso, facilitarase toda a información obtida sobre os

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 9/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

ACTAS E GOBERNO

CFP/jch

Refª: 13x400130620

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-8-2013

servizos nos traballos de escavación arqueolóxica previa. Os adxudicatarios valorarán a súa suficiencia ou a necesidade de ampliar ese estudio con cargo a este contrato como un dos estudos previos.

Os estudos de auditoría enerxética e plan de residuos basearanse en enquisas individuais a todos os comerciantes establecidos na Praza e á empresa xestora de residuos contratada polo Concello a partir de fichas de traballo para solicitar datos que previamente serán autorizadas pola oficina URBAN.


Unha vez entregada a documentación (auditoría enerxética e plan de residuos incluíndo toda a documentación de recollida de datos, outros estudos previos e consultas para o deseño e valoración da intervención, todo en papel -dous exemplares- e dixital, tanto en pdf coma en arquivos de traballo) a través do Rexistro Municipal dentro do prazo dos dous meses citados o Concello, á vista da documentación de proposta e das consultas que estime oportunas, decidirá os aspectos que se inclúen no proxecto definitivo ou as adaptacións. Para iso poderá realizar reunións cos comerciantes da Praza e a súa asociación, podendo solicitar a asistencia do equipo adxudicatario (coordinador/a e arquitecto/a) e a preparación de material para estas (presentacións, infografías, etc). O equipo redactor deberá realizar as sucesivas adaptacións que sinale o Concello ata conseguir un documento final. Entra dentro do previsible ordenar a actuación en dous proxectos a executar polo Concello se fose necesario para a viabilidade da intervención sen afectar ao funcionamento da Praza, a valoración económica de xeito independente das actuacións en cada un dos postos e calquera outra adaptación de cara a facer viable e máis eficiente a actuación na Praza. Este período consultivo non durará máis de **dous meses**. Unha vez finalizado, darase á entidade adxudicataria as instrucións definitivas sobre os aspectos que conterán o ou os proxectos e, no seu caso, as cuestións valoradas que non se incluírán na intervención a realizar polo Concello para que no prazo de **15 días** entregue a documentación definitiva. Se fose necesario polas adaptacións introducidas á proposta inicial, revisaranse as instalacións previstas de acordo co cumprimento da eficiencia enerxética.

O ou os proxectos axustaranse estritamente en canto a requisitos, contidos, documentación e normativa ás disposicións establecidas no Real Decreto 3/2011 Texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos das administracións públicas e demais normativa aplicable con especial mención ao Real Decreto 1627/1997 sobre "Disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción" no que se refire ao Estudio de Seguridade e Saúde, **así como a calquera outra normativa de obrigado cumprimento que lle fose de aplicación**. O ou os proxectos contarán co suficiente nivel de detalle en memoria e planos para a completa definición das intervencións, a xustificación da normativa, a perfecta definición das solucións construtivas, os materiais cos seus acabados, cores, etc.

Entregaranse catro copias completas de toda a documentación definitiva debidamente encarpentadas e en caixas que aloxen o conxunto de documentos. Así mesmo entregarase toda a documentación en soporte informático (pdf, dwg e bc3). Entregaranse igualmente o informe positivo das empresas subministradoras sobre a adecuación das instalacións previstas.

10

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 10/31
			
xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

8.2. DIRECCION TÉCNICA DA OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Comprenderá o conxunto de actividades necesarias e suficientes de Dirección técnica e de execución da obra completa e coordinación de seguridade e saúde. A dirección técnica asumirá e se responsabilizará, mesmo no non previsto no proxecto, das seguintes actividades na execución da obra:

- Programación e coordinación dos traballos.
- Inspección e control.
- Certificacións mensuais e liquidación de obras.
- Informe e proposta de aprobación do Plan de Seguridade por parte do coordinador en materia de seguridade e saúde.
- Coordinación en materia de seguridade e saúde e control e seguimento do devandito Plan.
- A tramitación das autorizacións necesarias ante outras administracións e empresas afectadas ata a posta en funcionamento.
- A preparación, organización e seguimento de todas as situacións provisionais que supoña a execución do conxunto das obras na praza tales como o traslado provisional de postos con actividade e todas as que poidan xurdir.

9. MODIFICACIÓNS SOBRE A PROPOSTA E O PROXECTO

Todos os traballos e documentación a elaborar polo equipo seleccionado se someterán á supervisión e, no seu caso, aprobación do Concello de Lugo. O equipo que resulte adxudicatario estará obrigado, sen percibir novos honorarios, a asumir un maior prazo de execución, se fose o caso, e as adaptacións e modificacións do proxecto de obra, mesmo unha vez aprobado, sexa cual sexa o seu motivo, como por exemplo:

- Informes das administracións no proceso de aprobación do proxecto.
- Outras adaptacións que o Concello considere necesarias mesmo durante a execución da obra, mesmo se supoñen un maior importe económico desta.

10. COMUNICACIÓN DA COFINANCIACIÓN COMUNITARIA

Todos os documentos que se xeren con este contrato, deben reproducir os logotipos do Concello de Lugo, a Bandeira Europea cos textos "Unión Europea" e "Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional" e o logo específico do Proxecto URBAN máis o texto seguinte:

"Actuación incluída no Proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (P.O. FEDER Galicia 2007-2013)"

Nos presupostos dos proxectos incluírase a valoración dun cartel informativo do cofinanciamento comunitario seguindo o modelo que figura en www.lugo.es/urban mentres se execute a obra e unha placa informativa permanente.

11. RELACIÓN DE ANEXOS CON INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 11/31



- Anexo I: Planos (plantas, alzados exteriores e seccións) extraídos do proxecto de rehabilitación e adecuación da Praza de Abastos de outubro de 1990 depositado no arquivo municipal (signatura 7982).
- Anexo II: Relación de postos da Praza de Abastos con actividade no momento da redacción deste prego e tipo de actividade.
- Anexo III: Documentación fotográfica.
- Anexo IV: Proposta a executar sobre o aleiro da Praza de Abastos e o soportal do Mercado
- Anexo V: Plano da escavación arqueolóxica que se está a realizar coa posible situación do corredor de comunicación da Praza co parking.
- Anexo VI: Ficha de Catálogo de unidades edificatorias do PEPRI (praza de Abastos)”

B) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.


PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización de:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.
- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.
- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partires das orientacións sinaladas no prego de prescricións técnicas.
- A redacción do proxecto básico e de execución da edificación en misión completa (con tódolos proxectos específicos) das obras que se definan para a Praza de Abastos (nunha ou dúas fases) e o estudo xeotécnico previo se se inclúen obras de comunicación do aparcamento coa Praza, así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación e a coordinación de seguridade e saúde durante a execución das mesmas.
- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para as inversións que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación das inversións ou outras propias dos seus locais.

Todo elo de conformidade co prego de prescricións técnicas elaborados pola Directora do Plan URBAN.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 12/31
			
xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

Estes traballos enmarcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

CNAE 2009 71.11 Servizos técnicos de arquitectura
CPV 71200000-0 Servizos de arquitectura e servizos conexos
72224000-1 Servizos de consultoría en xestión de proxectos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigo 10 do TRLCSP e que ten por obxecto a realización de diversas actuacións co obxecto de realizar unha rehabilitación e mellora da Praza de Abastos do Concello de Lugo, todo elo de conformidade co prego de prescricións técnicas elaborados pola Directora do Plan URBAN. Estes traballos enmarcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:


- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bs4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bs4+W/5BzEw==	PÁGINA 13/31
 xtv8iYeFWC8bs4+W/5BzEw==			

A execución deste contrato realizarase en varias fases:

3.1.- PRIMEIRA FASE DO TRABALLO. Suxeita ós seguintes prazos parciais:

- O prazo de execución da fase na que se realizarán e entregarán no Concello os estudos de auditoría enerxética, o plan de residuos e o desenvolvemento e valoración da proposta de intervención coas adaptacións que o Concello poida realizar sobre a proposta inicial será de DOUS MESES dende a formalización do contrato administrativo.

- O prazo de consultas cos comerciantes da Praza de Abastos e a súa asociación para levar a cabo as adaptacións que fosen decididas polo Concello será de DOUS MESES dende a entrega no Rexistro do Concello da documentación sinalada no parágrafo anterior.

-Unha vez rematado o prazo anterior, darase á entidade adxudicataria as instrucións definitivas sobre os aspectos que conterán o/os proxectos e, no seu caso, as cuestións valoradas que non se incluírán na intervención a realizar polo Concello, para que no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, se entregue a documentación definitiva do/s proxectos.

3.2.- SEGUNDA FASE. DIRECCIÓN TÉCNICA DA OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS

- O prazo para a realización dos traballos de dirección técnica da obra e a coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución da mesma será o que resulte do proxecto ou proxectos finalmente aprobados polo Concello e do prazo ofertado, se é o caso, para a execución das obras.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato - prezo de licitación - ascende a 80.000 euros polo que sumado o IVE de 21% (16.800 euros) resulta un presuposto total de 96.800 euros IVE incluído desglosado como segue:

- Proxecto 13UR7001 URBAN. Auditoría e medidas de eficiencia enerxética: 5.000 euros máis o IVE (1.050 euros) resultando un total de 6.050 euros. Aplicación presupostaria 24400.22799

- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 75.000 euros máis o IVE (15.750 EUROS) resultando un total de 90.750 euros. Aplicación presupostaria 24400.63900.

Dada as características do contrato, non procederá a revisión de prezos.


QUINTA. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, previsto e regulado polos artigos 138 e seguintes do TRLCSP

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 14/31


xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2. - **Os efectos da acreditación da solvencia técnica as empresas licitadores deberán acreditar e achegar o seguinte:**

- Experiencia do licitador na realización de, alo menos, un proxecto de modernización dun mercado municipal xa existente (ou privado de similares características).

A acreditación deste requisito realizarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 15/31



2. Curriculum vitae do equipo humano responsable da execución do contrato **asinados coa súa conformidade** para participar no proxecto. **Requisitos mínimos:**

- ✓ Un/unha coordinador/a con experiencia en coordinación de un ou varios proxectos de modernización de mercados municipais (ou privados de similares características) nos últimos cinco anos que teñan suposto unha inversión por proxecto de mais de 200.000 euros (sen IVE) no ámbito tecnolóxico, ambiental ou de promoción comercial ou de mais de 500.000 euros (importe de execución material) no caso de obras.

Non se entende como coordinación o traballo técnico de redacción dun proxecto de obra ou dirección da mesma, senón a execución de traballos que inclúan:

- O impulso dunha asociación e e execución de proxectos conxuntos.
- A implicación de comerciantes en proxectos tecnolóxicos, ambientais ou doutro tipo dun mercado que necesiten da súa adhesión
- Proxectos de proxección exterior do conxunto dos comerciantes, difusión, comercialización. Non se consideran os meros anuncios ou campañas de comunicación que non teñan máis implicación dos comerciantes a non ser que se enmarquen nun proxecto máis xeral.

A tal efecto, no currucula do coordinador deberá indicarse claramente unha descripción dos traballos de coordinación realizados conforme o anteriormente disposto, con identificación do proxecto de modernización de mercados no que participou como coordinador, datas e importes.

- ✓ Un/unha arquitecto/a. Achegarase titulación académica.
- ✓ Un/unha arquitecto/a técnico. Achegarase titulación académica.
- ✓ Profesional responsable da auditoria enerxética. Achegarase curricula que acredite expedencia en auditorías enerxéticas.
- ✓ Profesional responsable da xestión ambiental (plan de residuos). Achegarase curricula que acredite expedencia en xestión ambiental.

Estes dous últimos poden subcontratarse a empresas se ben igualmente deberán indicar os profesionais destas empresas subcontratadas que terán experiencia nesas traballos.


SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituir unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 16/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es/zona de servizos](http://www.lugo.es/zona_de_servizos))

O prazo de presentación de proposicións será de **trinta días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B OFERTA TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE e letra C OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bs4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bs4+W/5BzEw==	PÁGINA 17/31



O **sobre denominado A**, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar **bastanteado** por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal


3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste (modelo do Anexo II)

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 18/31
			
xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.


Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da solvencia económica e financeira así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 19/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e no sobre C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.


O sobre denominado B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE)

Dentro deste sobre B presentarán exclusivamente a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2).

A tal efecto deberá presentar dentro deste sobre B a documentación sinalada no **apartado 6 do prego técnico.**

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro deste sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición. Quedarán excluídos os licitadores que á vista da documentación do sobre B proporcione información que deba estar no sobre C.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 20/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

Asimesmo a inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C ou B dentro do sobre A implicará automaticamente a exclusión do procedemento

O sobre denominado C, OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética.**

b) Propón como **prezo do contrato** o seguinte:

	BASE (A)	IVE (B = 21% de A)	TOTAL (C= A+ B)
PREZO A Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética Máximo sen IVE: 5.000 €			
PREZO B Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos Máximo sen IVE: 75.000 €			
SUMA (máximo sen IVE: 80.000 €)			

O prezo A inclúe unicamente o importe da auditoría enerxética. O resto dos traballos encomendados estarán incluídos no prezo B.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 21/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

PRESIDENTA: A Concelleira delegada da Area de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado de Urbanismo
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratacion de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes:

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE. Ata 55 puntos.

12.1.1.- OFERTA ECONÓMICA (Máximo 55 puntos)

Obterá a máxima puntuación (55 puntos) as empresas que oferten o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as que oferten o prezo de licitación , e o resto de modo proporcional lineal.


12.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE. Ata 45 puntos.

A valoración realizarase sobre a documentación sinalada no **punto 6 do prego técnico**.

12.2.1.- PROPOSTA DE APROVEITAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ACTIVIDADE (Máximo 20 puntos) desglosados como segue:

- O interese comercial da proposta de aproveitamento e distribución de actividades nas dúas plantas (tal como a variedade e complementariedade de usos e oferta comercial, a capacidade para captar novos clientes con hábitos de compra diferentes do consumidor actual, a posibilidade de desenvolver actividades e usos

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 22/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

que hoxe en día se esperan cubrir neste tipo de dotacións dos cascos históricos así como a racionalización do espazo de venda: Ata 10 puntos

- Vantaxes para o funcionamento das instalacións (tales como limpeza, gastos de funcionamento, mellor compatibilidade de actividades) : Ata 10 puntos.

12.2.2.- DESEÑO E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN SOBRE UN POSTO TIPO, MATERIAIS A UTILIZAR E PRAZO DE INTERVENCIÓN EN CADA POSTO DA PRIMEIRA PLANTA (Máximo 19 puntos) desglosado como segue:

- Calidade estética da proposta de intervención sobre os locais e a súa integración co edificio: Ata 10 puntos.

- Facilitade e a rapidez de execución: Ata 9 puntos.

12.2.3.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA GARANTIR A MÁXIMA ACCESIBILIDADE (Máximo 6 puntos)

Valoraranse neste apartado as medidas adoptadas para garantir a máxima accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida e outras diversidades funcionais no funcionamento xeral de todo o edificio (mobilidade, vista, audición) propoñendo todo tipo de iniciativas. Nos se terán en conta para a súa valoración os aspectos de obrigado cumprimento.

Será necesario que a proposta cubra tódolos aspectos sinalados anteriormente e que se obteña unha puntuación mínima de 30 puntos na valoración dos criterios non avaliados automaticamente para poder continuar no procedemento e proceder á apertura do sobre C. Caso de non obter esta puntuación mínima de 30 puntos rexeitarase a proposta presentada.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.


O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Código Seguro de verificación: xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 23/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Directora do PLAN URBAN e arquitecto técnico municipal) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS


Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 24/31
			
xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo. Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

3.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

4.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.


Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria- que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 25/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

Para o seu pagamento a empresa presentará dúas facturas:

- Facturarase o prezo A e o 45% do prezo B tras o remate da primeira fase e trala presentación da documentación sinalada na cláusula 8.1 do prego de prescricións técnicas e a aprobación por parte do Concello do proxecto ou proxectos de obra.

- O 55% restante do prezo B facturarase polo traballo realizado durante a execución das obras (cláusula 8.2 do prego de prescricións técnicas).

As facturas emitiranse con periodicidade bimensual e de xeito proporcional ás certificacións de obra ata acadar o 80% do importe a pagar polos traballos da fase de execución de obra. O 20% restante facturarase no momento en que a obra estea recibida polo Concello e, no seu caso, valorada e aprobada polo Concello a certificación final da obra.

As facturas aboaránse unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo responsable do contrato e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.


VIXESIMA .- PENALIDADES

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP poderán establecerse as penalidades previstas legalmente por incumprimento dos prazos parciais de execución do contrato sinalados na cláusula terceira deste prego correspondentes á primeira fase dos traballos

O importe das penalidades diarias no caso de incumprimento dos prazos parciais sinalados serán na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo de adxudicación do contrato IVE incluído para o caso de que o retraso sexa igual ou inferior a 30 días.

Superado este prazo de 30 días de retraso e tendo en conta que se trata dun contrato subvencionado suxeito a prazos de cumprimento estrictos aplicarase a penalidade diaria na proporción de 0,40 euros por cada 1.000 euros do prezo de adxudicación do contrato IVE incluído.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 26/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á indemnización de danos e perxuizos. As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adjudicatario das obrigas establecidas no prego de cláusulas administrativas e de descripciones técnicas as cales teñen carácter de obrigas contractuais esenciais.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXESIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 27/31



TELÉFONO:		FAX.:	
-----------	--	-------	--

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 28/31



....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética, declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

**ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....,en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDIOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de abastos e Proxecto 13UR7001 URBAN Auditoría e medidas de eficiencia enerxética, declaro baixo a miña responsabilidade:**

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 29/31



xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==

ACTAS E GOBERNO

CFP/jch

Refª: 13x400130620

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-8-2013

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)”


TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 96.800 euros con cargo ás aplicacións 24400.22799 e 24400.63900 do vixente Orzamento xeral de 2013.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.


E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 30/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			

Alcalde en funcións, don Luis Manuel Álvarez Martínez, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	16/08/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==	PÁGINA 31/31
 xtv8iYeFWC8bS4+W/5BzEw==			